

Os Kits Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👉 Básico 👉👉 Medio 👉👉👉 Avanzado



XUNTA
DE GALICIA

Nivel Básico 👉



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

KS-C2-Construción

Peza a peza

Actividade elaborada coa colaboración de



CITIEC
Centro de Innovación Tecnolóxica
en Edificación e Enxeñaría Civil

Construción 2

Nivel Básico 

Achega


- Depresores de madeira
- Velcro adhesivo
- Tesoira
- Cartón

Observa

Unha celosía é unha estrutura reticular composta por elementos entrelazados que forman patróns xeométricos. Son importantes en pontes porque proporcionan resistencia e estabilidade ao distribuír cargas de maneira eficiente.

Indaga

- Imos combinar cadrados e triángulos para formar unha ponte. Escollede ben un oco que queirades conectar coa ponte e que vos permita poñela a proba.
- Empregando as barras e as unións con velcro, deseñade unha ponte para salvar distancias e logo experimentade coas construcións feitas e refachos de vento feitos cos cartóns. Serán quen de soportar un furacán? (Podedes amorear barras).
- Cal sería unha boa recomendación para reforzar as unións substituíndo o velcro e facéndoas máis duradeiras?
- Na construción do teu grupo aparecerán problemas estruturais. Cales serán sinxelos de resolver e cales pensas que serán máis complexos?
- Sabías que na Segunda Guerra Mundial, as pontes con celosías foron moi importantes pola súa capacidade para ser rapidamente construídas, desmontadas e transportadas? Estas estruturas modulares permitían aos exércitos moverse rapidamente sobre ríos e desniveis complexos.



Segue o código QR do reverso para descargar o material complementario.

